



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Economía da Empresa: Función Financeira	Código	650G01008	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Empresa			
Coordinación	Piñeiro Sanchez, Carlos	Correo electrónico	carlos.psanchez@udc.es	
Profesorado	Llano Monelos, Pablo de Miñones Crespo, Ramon Piñeiro Sanchez, Carlos	Correo electrónico	pablo.de.llano@udc.es ramon.minones@udc.es carlos.psanchez@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal			
Descrición xeral	A materia pretende forma-los coñecementos e desenvolve-las habilidades básicas precisas para comprende-la problemática financeira da empresa, iniciarse no estudio da teoría financeira e as Finanzas, e manexa-los modelos básicos de traballo. Preténdese tamén que o alumno adquira un dominio inicial da terminoloxía e xerga financeira, se familiarice coa lóxica financeira, e aprenda a buscar e interpreta-la información relevante.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Ningunha</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>2.a. Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas, coas debidas adaptacións que se deriven da adopción dun modelo (semi)deslocalizado</p> <p>2.b. Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Ningunha, salvo as adaptacións sinaladas máis arriba</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Titorías virtuais a través dos recursos das plataformas institucionais da UDC</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Ningunha, aínda que se poderían introduci-las adaptacións imprescindibles para desenvolve-la actividade académica nun entorno telemático. En concreto, as probas de avaliación poderían desenvolverse por medios telemáticos.</p> <p>4.a. Observacións de avaliación</p> <p>A evolución da situación sanitaria está fóra do control do equipo docente. Por ilo, cómpre dispoñer de equipamento para acceder a recursos electrónicos e afrontar una avaliación por medios electrónicos, dende o mesmo inicio do cuatrimestre. En caso necesario, debe consultarse á UDC a posibilidade de acceder a axudas para obtelo.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Ningunha</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Comprende-la problemática financeira da empresa	A1	B1	C1
	A2	B2	C3
	A3	B3	C4
	A5	B4	C5
	A10	B5	C6
	A13	B6	C7
	A14	B7	C8
	A15	B8	
	A18	B9	
	A20	B10	
	A21	B11	
		B12	
		B13	
		B14	
Comprende-la lóxica financeira	A1	B1	C1
	A2	B2	C4
	A3	B3	C8
	A5	B4	
	A10	B5	
	A13	B6	
	A14	B7	
	A15	B8	
	A18	B9	
	A20	B10	
	A21	B11	
		B12	
		B13	
Coñece-los fundamentos teóricos das finanzas	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A5	B4	C4
	A10	B5	C5
	A13	B6	C6
	A14	B7	C7
	A15	B8	C8
	A18	B9	
	A20	B10	
	A21	B11	
		B12	
		B13	
		B14	



Obter e interpreta-la información económico-financeira	A1 A2 A3 A5 A10 A13 A14 A15 A18 A20 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Manexa-los modelos financeiros básicos	A1 A2 A3 A5 A10 A13 A14 A15 A18 A20 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñece-la terminoloxía financeira	A1 A2 A3 A5 A10 A13 A14 A15 A18 A20 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
A función financeira da empresa	Conceptos básicos sobre a empresa e o empresario Contido da función financeira O obxectivo financeiro: valor vs. beneficio, dividendos, etc. A contorna financeira da empresa



O patrimonio e as rendas da empresa	O patrimonio da empresa: o activo e o pasivo. O equilibrio financeiro. As rendas da empresa: a rendibilidade e o custo do financiamento Fundamentos de análise financeira Capital circulante e fondo de rotación
A estrutura financeira da empresa	A estrutura financeira e o custo de capital Fontes de financiamento: características básicas e custo
Decisións de investimento	Concepto e clases de investimentos Métodos para a análise de investimentos
Xestión financeira e curto prazo	Xestión de tesourería Xestión de stocks O risco de creto

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A10 A13 A14 A15 A18 A20 A21 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	18	36	54
Solución de problemas	A1 A2 A5 A10 A13 A14 A15 A18 A21 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	18	54	72
Proba mixta	A10 A13 A14 A15 A18 A20 A21 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	0	10
Prácticas a través de TIC	A1 A2 A3 A5 A10 A13 A14 A15 A18 A20 A21 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	5	5	10
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación dos aspectos básicos dos capítulos
Solución de problemas	Actividades prácticas baseadas en exercicios, casos e/ou problemas, individuais ou en grupo
Proba mixta	Tarefas de avaliación continua, de contido teórico e práctico



Prácticas a través de TIC	Tarefas, análise de casos e/ou resolución de problemas empregando recursos TIC
---------------------------	--

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Solución de problemas	<p>As titorías desenvolveranse en formato telemático e previa petición de cita por correo electrónico. Son aplicables os límites que sinala a normativa de dedicación docente do profesorado da UDC e o dereito á desconexión dixital previsto na LO 3/2018.</p> <p>En tanto o permitan a capacidade do equipo docente e os medios dispoñibles, tratarase de prestar atención individualizada ós alumnos con dificultades xustificadas por corentena ou enfermidade, sen perxuízo dos dereitos e obrigas previstos na normativa académica canto ás datas e a forma en que se deben desenvolver-las probas de avaliación.</p> <p>Os alumnos con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poden propoñer, durante a primeira semana lectiva do cuadrimestre, un horario de atención compatible coa súa dedicación, se existiren razóns obxectivas que lles impidan asistir no horario ordinario.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A10 A13 A14 A15 A18 A20 A21 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	<p>Durante o cuadrimestre, e como parte da actividade académica do grupo, realizarase un conxunto de actividades de carácter mixto e contido teórico-práctico, algunhas delas de carácter puntuable.</p> <p>A primeira oportunidade consistirá nunha avaliación continua (EC), de 0 a 10 puntos, a partires das tarefas que se definan como puntuables, sen exame final. Descartarase a actividade puntuable con peor cualificación cualificación e o resto promediarase aplicando as ponderacións que se indiquen, o no seu defecto, calculando unha media simple.</p> <p>A cualificación da segunda oportunidade calcularase sobre un máximo de 8 puntos promediando un exame final comprensivo de tódolos obxectivos e competencias da materia (4 puntos), e a EC (4 puntos), que incluírá unha recuperación para tódalas probas puntuables cualificadas con suspenso no seu momento, e so UNHA das non realizadas; nesta segunda oportunidade tomarase o mellor resultado (cuadrimestre ou recuperación) de cada unha desas probas de EC, sen descartar ningunha.</p> <p>En ámbalas dúas oportunidades, as probas non realizadas computaranse a efecto de cálculo cun cero, coas únicas excepcións previstas na normativa académica da UDC e nesta guía.</p> <p>Os alumnos con dispensa de asistencia seguirán o programa xeral de avaliación en ámbalas oportunidades.</p> <p>A oportunidade adiantada avaliarase a partir dun exame teórico-práctico sobre 10 puntos, comprensivo de tódolos contidos e competencias propios da materia segundo a guía do curso inmediatamente anterior.</p>	100

### Observacións avaliación



Datas e formato das actividades avaliáveis: sen perxuízo das datas que a Facultade poida sinalar no calendario oficial de exames, as que configuran a avaliación continua realizaranse no momento, formato e condicións que decida o equipo docente, considerando as necesidades da metodoloxía aplicada en cada momento, e o traballo que está realizando o grupo. Poden ser presenciais ou deslocalizadas, en formato papel ou electrónico, individuais ou grupais, e en todo caso forman parte da dinámica académica ordinaria, de maneira que non está garantido que a súa realización sexa advertida con antelación.

Cráterios específicos para as actividades realizadas por medios electrónicos: deben ser accedidas, realizadas e entregadas nos prazos e condicións que se indiquen en cada caso. Enténdense realizadas se os rexistros das plataformas amosan que se accedeu a elas, con independencia de que se graven ou non respostas, e se ou non a entrega. De se omiti-la confirmación, a actividade entenderase entregada en branco e cualificarase cun cero. O incumprimento das normas da proba suporá a expulsión dela, cunha cualificación de cero na mesma e, no seu caso, a incoación de expediente por fraude conforme á normativa académica. Isto aplícase, en particular, ó acceso extemporáneo ás probas telemáticas.

Disponibilidade de recursos técnicos: o equipo docente pode decidir que as probas, tanto presenciais como deslocalizadas, se realicen en soporte electrónico. Os alumnos son responsables de dispoñer dos medios necesarios para accederen a recursos electrónicos e no seu caso realizaren unha avaliación neste formato. Se carecer deles, poden consultar á UDC a posibilidade de que lles sexan facilitados.

Cualificación de non presentado: corresponde ó alumno, cando so participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ó 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación lograda.

Idiomas: a opción por un idioma concreto para a realización das probas de avaliación deberá realizarse por escrito e dentro da primeira semana lectiva del cuadrimestre en que se imparte la materia, e será atendida na medida en que as posibilidades técnicas e organizativas o permitan.

Uso de recursos TIC: os dispositivos e aplicacións que permitan comunicación, almacenamento e/ou uso compartido de datos deben permanecer inactivos e fóra da vista, a menos que o seu uso estea xustificado pola actividade académica e exista autorización previa por parte dos profesores. Enténdese activo calquera servizo dispoñible en segundo plano e/ou habilitado para recibir notificacións, mensaxes ou acceso a recursos compartidos dende ou cara a terceiros; por tanto, os alumnos son responsables de pechalos ou inhabilitalos cando o seu emprego non estea xustificado nos termos anteriores. O incumprimento destas normas implicará a expulsión da proba, unha cualificación de cero, e no seu caso a incoación de expediente por fraude académica.

Identificación: os alumnos deben acreditar fehacientemente a súa identidade dacordo coa normativa vixente, empregando os medios adecuados en cada circunstancia



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Piñeiro, C.; de Llano, P. (2012). Finanzas empresariales. Teoría y modelos con hoja de cálculo. Santiago: Andavira</li><li>- Piñeiro, C. (2016). Oikonomicon. Un viaje virtual a la lógica de la dirección financiera de la empresa (<a href="http://oikonomicon.udc.es/">http://oikonomicon.udc.es/</a>). A Coruña</li><li>- Suárez, A. (2003). Curso básico de Economía de la Empresa. Un enfoque de organización. Madrid: Pirámide</li><li>- Piñeiro, C.; de Llano, P. (2010). Dirección Financiera: un enfoque centrado en valor y riesgo. Madrid: Delta</li><li>- Doldán, F. (2001). Fundamentos de las decisiones financieras empresariales. Santiago: Tórculo</li></ul> <p>Esta é unha bibliografía básica e de carácter xeral para a materia; en cada capítulo recóllense referencias específicas adicionais.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Dirección Financeira I/650G01019

Dirección Financeira II/650G01025

### Observacións

Cumprimento da normativa sanitaria A participación nas actividades presenciais require inescusablemente o cumprimento estrito das indicacións das autoridades sanitarias, en particular o uso de mascariña protectora e o distanciamento en todo momento. Atenderase ás adaptacións que poidan recibirse da Facultade canto os horarios de entrada e saída escalonados, e todas aquelas circunstancias que poidan afectar á organización da materia. Sobre a metodoloxía A materia está deseñada en estrito cumprimento da distribución de tempos de traballo establecida no plano de estudos, que á súa vez está inspirado no crédito europeo transferible (ECTS) e nas liñas xerais da declaración de Boloña. Neste contexto, as responsabilidades académicas van máis aló de, simplemente, asistir ás aulas. O traballo non remata ó saír da aula (ou finalizar a sesión telemática), e non todo o traballo se fai aquí. O plano de estudos está deseñado para que exista una combinación de traballo presencial de 50 horas, e de 100 horas adicionais de traballo non presencial; estas últimas correspóndense co tempo que un alumno medio debe empregar para as súas tarefas persoais (lecturas, preparación de apuntes, e naturalmente tempo de estudo) e para prepara-las actividades que se van programando ó longo do cuadrimestre (busca de información, análise de documentos, traballos, prácticas baseadas nas TIC, etc.). As sesións presenciais (físicas ou telemáticas) dedícanse prioritariamente a discuti-los aspectos teóricos básicos da materia, coordina-lo traballo do grupo, resolver dúbidas de carácter xeral, debater e realizar actividades prácticas e interactivas. A partir deste traballo común, prográmase o traballo individual que cada alumno debe desenvolver para a(s) seguinte(s) sesión(s), coa orientación e apoio dos seus profesores cando así o precise.

(\* ) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías